



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA. SERVIZO DE DEPORTE

Anuncio

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN SESIÓN CELEBRADA O DÍA VINTE DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E SEIS POLO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA, AS BASES DA CONVOCATORIA, O GASTO, E OS ANEXOS DOS PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS PARA O ANO 2026.

BDNS (Identif):

De conformidade co previsto nos artigos 17.3b e 20.8ª da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións

<http://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/ge/es/index>

Primeiro. Beneficiarios:

Poderán ser beneficiarias dos premios da presente convocatoria as persoas físicas que sexan deportistas federados/as, de calquera categoría, e exclusivamente de modalidades deportivas individuais (excluíndose, por tanto os/as practicantes de disciplinas e modalidades de deportes de equipo, dobres, parellas, seleccións ou grupo, coordinadas ou sincronizadas, e nas que actúen simultaneamente máis dun/dunha integrante do mesmo equipo) de nacionalidade española ou residentes legais en España, que cumpran cos requisitos establecidos.

Segundo. Obxecto:

Constitúe o obxecto das bases desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, anualidade 2026 de modalidades deportivas de carácter individual, excluíndose, por tanto, os/as practicantes de disciplinas e modalidades de deportes de equipo, dobres, parellas, seleccións ou grupo; coordinadas ou sincronizadas, e nas que actúen simultaneamente máis dun/dunha integrante do mesmo equipo.

Quedan así mesmo expresamente excluídos desta convocatoria os/as deportistas individuais da disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña, vehículos históricos e enerxías alternativas na anualidade 2026.

Terceiro. Bases reguladoras

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección, [http:](http://www.deputacionlugo.gal)

<http://www.deputacionlugo.gal/gl/a-deputacion/normativas-e-ordenanzas>

PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO PARA O ANO 2026

<https://www.deputacionlugo.gal/temas/deportes/home>

Cuarto. Contía e importe mínimo e máximo

A dotación orzamentaria total da presente convocatoria é de 150.000,00 €.

Os premios terán un importe máximo de 2.500,00 € e un importe mínimo de 300,00 € cada un deles.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

Prazo para a presentación de solicitudes: 10 días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación no BOP de Lugo do extracto da convocatoria.

Lugo, 23 de marzo de 2026.- A PRESIDENTA, P.D. Decreto de data 14-01-2026, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO 20 DE MARZO DE 2026, POLO QUE SE RESOLVE DE FORMA DEFINITIVA O PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA CUBRIR EN PROPIEDAD CATRO PRAZAS DE MAQUINISTA-CONDUTOR/A, GRUPO C - SUBGRUPO C2, DO CADRO DE PERSOAL LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADAS A PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL, INCLUIDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2025.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o día 20 de marzo de 2026 adoptou, entre outros, o seguinte acordo que se reproduce de xeito literal:

“As bases xerais para cubrir prazas do cadro de persoal funcionario e laboral, reservadas a promoción interna (vertical e/ou horizontal) na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota persoas con discapacidade) publicáronse no BOP núm. 238, do 16.10.2025.

A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de concurso-oposición, catro prazas de maquinista-condutor/a, reservadas a promoción interna vertical, grupo C- subgrupo C2, do cadro de persoal laboral fixo da Deputación Provincial de Lugo, fixéronse públicas no BOP núm. 238, do 16.10.2025.

Celebrado o procedemento selectivo, vista a proposta do Tribunal Cualificador e acreditada polas persoas aspirantes propostas a documentación á que se refire a base xeral 10, cumprindo os requisitos esixidos na base xeral 4 e na específica 4, esta presidencia, atendendo á proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 11 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento selectivo contratando como persoal laboral fixo a:

Don Rubén Fernández Iravedra, para ocupar a praza número 3400, denominada maquinista-condutor/a, grupo C- subgrupo C2, do cadro de persoal laboral fixo da Deputación Provincial de Lugo, reservada a promoción interna vertical incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2025, adxudicándolle o posto de traballo denominado maquinista-condutor/a Nivel II número 1847, vinculado á citada praza.

Don Jose Luis Fernández Gómez, para ocupar a praza número 3401, denominada maquinista-condutor/a, grupo C- subgrupo C2, do cadro de persoal laboral fixo da Deputación Provincial de Lugo, reservada a promoción interna vertical incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2025, adxudicándolle o posto de traballo denominado maquinista-condutor/a Nivel II número 1848, vinculado á citada praza.

Don Adrián Rodríguez Morán, para ocupar a praza número 3399, denominada maquinista-condutor/a, grupo C- subgrupo C2, do cadro de persoal laboral fixo da Deputación Provincial de Lugo, reservada a promoción interna vertical incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2025, adxudicándolle o posto de traballo denominado maquinista-condutor/a Nivel II número 1846, vinculado á citada praza.

Don Juan Carlos Vilarín González, para ocupar a praza número 3402, denominada maquinista-condutor/a, grupo C- subgrupo C2, do cadro de persoal laboral fixo da Deputación Provincial de Lugo, reservada a promoción interna vertical incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2025, adxudicándolle o posto de traballo denominado maquinista-condutor/a Nivel II número 1849, vinculado á citada praza.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación do presente acordo no BOP ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Lugo, 23 de marzo de 2026.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0746

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO 20 DE MARZO DE 2026, POLO QUE SE RESOLVE DE FORMA DEFINITIVA O PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA CUBRIR EN PROPIEDAD TRES PRAZAS DE CAMARA PROFESIONAL-REPORTEIRO/A, GRUPO C - SUBGRUPO C1, DO CADRO DE PERSOAL LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADAS A PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL, INCLUIDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2024.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o día 20 de marzo de 2026 adoptou, entre outros, o seguinte acordo que se reproduce de xeito literal:

“As bases xerais para cubrir prazas do cadro de persoal funcionario e laboral, reservadas a promoción interna (vertical e/ou horizontal) na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota persoas con discapacidade) publicáronse no BOP núm. 238, do 16.10.2025.

A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de concurso-oposición, tres prazas de cámara profesional-reporteiro/a, reservadas promoción interna vertical, grupo C- subgrupo C1, do cadro de persoal laboral fixo da Deputación Provincial de Lugo, fixéronse públicas no BOP núm. 238, do 16.10.2025.

Celebrado o procedemento selectivo, vista a proposta do Tribunal Cualificador e acreditada polas persoas aspirantes propostas a documentación á que se refire a base xeral 10, cumprindo os requisitos esixidos na base xeral 4 e específica 4, esta presidencia, atendendo a proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 11 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento selectivo contratando como persoal laboral fixo a:

Don Francisco Fernández Vázquez, para ocupar a praza número 3368, denominada cámara profesional-reporteiro/a, grupo C- subgrupo C1, do cadro de persoal laboral fixo da Deputación Provincial de Lugo, reservada a promoción interna vertical incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2024, adxudicándolle o posto de traballo denominado cámara profesional-reporteiro/a Nivel I número 1743, vinculado á citada praza.

Dona Ana María Hortas Alonso, para ocupar a praza número 3369, denominada cámara profesional-reporteiro/a, grupo C- subgrupo C1, do cadro de persoal laboral fixo da Deputación Provincial de Lugo, reservada a promoción interna vertical incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2024, adxudicándolle o posto de traballo denominado cámara profesional-reporteiro/a Nivel I número 1744, vinculado á citada praza.

Don Miguel Ángel de Cesáreo Fernández, para ocupar a praza número 3370, denominada cámara profesional-reporteiro/a, grupo C- subgrupo C1, do cadro de persoal laboral fixo da Deputación Provincial de Lugo, reservada a promoción interna vertical incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2024, adxudicándolle o posto de traballo denominado cámara profesional-reporteiro/a Nivel I número 1745, vinculado á citada praza.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación do presente acordo no BOP ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Lugo, 23 de marzo de 2026.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0747

CONCELLOS

BÓVEDA

Anuncio

Ó non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ó público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional relativo ó **REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO E ADMISIÓN DO VIVEIRO INDUSTRIAL DE EMPRESAS DO CONCELLO DE BÓVEDA**, cuxo texto íntegro faise público en cumprimento do disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra o presente acordo, interporase recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Bóveda, 17 de marzo do 2026.- O alcalde, José Manuel Arias López.

“REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO E ADMISIÓN DO VIVEIRO INDUSTRIAL DE EMPRESAS DO CONCELLO DE BÓVEDA”

Título I – DISPOSICIÓNS XERAIS.

1.- Obxecto.

Ten por obxecto o presente regulamento establecer o funcionamento do Viveiro Industrial de Empresas do Concello de Bóveda, regulando o procedemento de adxudicación de espazos, así como as relacións entre os cesionarios do espazo e o órgano de xestión e as normas de réxime interno.

2.- Finalidade e obxectivos.

O Viveiro Industrial de Empresas ten como finalidade ofrecer a través de cesión temporal un espazo físico equipado para o funcionamento de negocios.

Serán obxectivos do viveiro favorecer a creación e consolidación de novas empresas, a xeración de emprego a través da cesión dun espazo físico de localización, infraestrutura, loxística e servizos ofertados polo viveiro; co fin de contribuír á creación e funcionamento de iniciativas económicas que potencien e diversifiquen o tecido empresarial, xerando riqueza e emprego na localidade.

Para elo creouse un medio idóneo en condicións favorables de prezo e servizos que permita as iniciativas empresariais, desenvolver o seu plan de empresa, nun tempo de estancia limitado, para que estean en situación de competir e actuar en condicións de mercado.

3.- Descrición da instalación.

O Viveiro Industrial de Empresas está situado no Parque Empresarial do Concello de Bóveda (Lugo), coas seguintes características:

Superficie da nave para implantación de empresas:	769,65 m2
Superficie común:	622,71 m2
Superficie de almacén / taller de formación práctica:	383,95 m2
Nº e superficie de despachos (4 de 19.60 m2):	78,40 m2
Superficie de recepción:	19.60 m2
Superficie espazo polivalente:	40,05 m2
Zona de descanso:	27,90 m2
Aseos	34,75 m2

4.- Servizos.

O Viveiro Industrial de Empresas xestionarase directamente a través do Concello, cos seus propios medios, asumindo os resultados da explotación do mesmo. Ofreceranse os seguintes servizos:

- Espazo polivalente para xuntanzas / aula de formación
- Nave de almacenaxe / taller de formación práctica
- Módulos de oficinas
- Aseos
- Recepción
- Zona de descanso
- Acceso a servizos telemáticos e de reprografía
- Limpeza e mantemento
- Servizo de asesoramento, información e formación empresarial: bonificacións, subvencións, mellora de competitividade industrial, sobre as TICs, dinamización empresarial, cultura emprendedora...
- Servizos organización de eventos, xestión e relación cos medios de comunicación

5.- Cesionarios.

O Viveiro Industrial de Empresas está dirixido a aquelas persoas físicas ou xurídicas con proxectos de creación de negocio e/ou empresas en funcionamento que cumpran cos seguintes requisitos e contén cun proxecto empresarial ou plan de empresa que sexa considerado viable económica e tecnicamente.

O viveiro estará destinado a:

- Empresas aínda non constituídas, pero que teñan previsto facelo no prazo máximo de seis (6) meses desde a resolución de acollemento.
- As empresas que xa estean constituídas no momento da solicitude de acollemento, sempre que non teñan transcorrido máis de doce meses entre a súa data de constitución e a data da dita solicitude.
- Sen prexuízo do anterior, excepcionalmente poderá sobrepasarse o prazo de doce meses indicado no parágrafo anterior, sempre que, en todo momento, o número de empresas nesta circunstancia non supere o

25 % do número total de empresas acollidas no viveiro, e que a superficie dedicada a elas non supere o 25 % do total da superficie.

- Deberán ter o domicilio social e fiscal no municipio de Bóveda ou comprometerse a modificala no prazo máximo de 6 meses no caso de que a empresa sexa acollida no viveiro industrial de empresas.
- As empresas deberán presentar un proxecto que avale a súa viabilidade económica e técnica.
- Desenvolver unha actividade empresarial de carácter industrial. Entenderanse por actividade empresarial de carácter industrial as seguintes:
 - A totalidade do ámbito de aplicación do Decreto 37/2015, do 12 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Industrial de Galicia (artigo 3).
 - Calquera das actividades económicas recollidas no Real decreto 475/2007, do 13 de abril, polo que se aproba a Clasificación nacional de actividades económicas 2009 (CNAE-2009) e que compoñen o sector industria. Concretamente, as recollidas nas industrias extractivas (da división 05 á 09); a industria manufacturera (da división 10 á 33); subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado (división 35); e subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación (división 36 á 39).
- De xeito excepcional, logo de solicitude xustificada do concello, a Secretaría Xeral de Industria poderá autorizar a incorporación ao viveiro industrial daquelas iniciativas empresariais que, non estando recollidas nos dous ámbitos anteriores, xustifiquen a súa relación dentro da cadea de valor dunha actividade industrial ou acheguen valor engadido a través de servizos externos que repercutan na mellora da competitividade do tecido industrial local.
- Para o caso de que un ou varios espazos do viveiro industrial leven máis dun ano sen ser utilizados, de xeito excepcional e logo de solicitude xustificada do Concello, a Secretaría Xeral de Industria poderá autorizar a incorporación ao viveiro industrial doutro tipo de iniciativas empresariais non industriais, distintas das previstas. O prazo inicial de incorporación destas iniciativas será de doce meses, prorrogables por períodos iguais, ata un máximo de 48 meses. No caso de que, en calquera momento deste prazo, unha nova empresa das previstas reunise todos os requisitos do plan de acollemento e solicitase ser acollida no viveiro industrial, a empresa non industrial deberá abandonar as instalacións ao remate do período de 12 meses que nese momento teña concedido, sen que sexa posible concederlle máis prórrogas.

As persoas físicas ou xurídicas beneficiarias só poderán optar a un espazo.

6.- Capacidade para ser cesionario/a

Poderán ser cesionarias tódalas persoas físicas ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e desexen iniciar o exercicio dunha actividade empresarial ou profesional no Viveiro Industrial de Empresas do Concello de Bóveda, outorgándolle prioridade a aqueles proxectos que incidan en actividades novas.

Non poderán ser cesionarias aquelas persoas que se encontren incursas nalgunha das prohibicións que sinala o artigo 71 Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP). Os que acorden unha cesión de espazo co Concello de Bóveda deberán estar ó corrente no pago das cargas sociais e no cumprimento das obrigas tributarias estatais, autonómicas e locais.

7.- Actividades excluídas.

Quedan excluídas as actividades que a continuación se relacionan:

- a) Actividades non admitidas polas ordenanzas municipais.
- b) Empresas non viables técnica e/ou economicamente, segundo informes de consultoría que poida recabar ao efecto pola Administración municipal.
- c) Actividades de risco baixo de incendios, ou de risco medio, agás que se adoptasen as medidas complementarias procedentes.

TÍTULO II. SELECCIÓN, ADXUDICACIÓN E CONTRATO.

8. - Convocatoria.

A selección dos/as beneficiarios/as realizarase mediante convocatoria pública conxunta, total ou parcial dos espazos do viveiro, efectuada polo órgano competente para a súa resolución.

As solicitudes serán analizadas e valoradas pola “Comisión de Selección” establecida na base undécima das presentes bases e de acordo sempre coa orde de presentación das solicitudes e cos baremos reflectidos nestas bases reguladoras.

O órgano competente para a resolución dos procedementos será a Alcaldía-Presidencia do Concello de Bóveda, logo do informe do órgano de selección que se designe ao efecto.

As convocatorias publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal.

Aquelas solicitudes que non sexan aceptadas por falta de espazos dispoñibles quedarán nunha lista de espera ou fondo de reserva, ordenadas por data e hora de presentación, así como pola puntuación obtida no proceso de baremación das solicitudes. No momento en que existan espazos dispoñibles, consultarase a devandita lista para determinar se segue existindo interese do solicitante polo devandito espazo. No caso de que non se amose interese, a solicitude quedará desestimada e eliminada do fondo de reserva.

9.- Solicitudes.

As solicitudes presentaranse no modelo establecido polo órgano competente para resolver o procedemento, que se poñerán a disposición das persoas interesadas, polo menos, no Concello de Bóveda e na sede electrónica municipal. O prazo e presentación e solicitudes non será inferior a un mes desde a publicación destas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As solicitudes deberán presentarse xunto coa documentación requirida no Rexistro do Concello ou por calquera dos medios e formas previstos no apartado 16.4 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. No caso de enviar por correo postal, deberse xustificar co resguardo correspondente a data de imposición do envío na oficina de Correos, e anunciar a remisión da documentación mediante correo electrónico do Concello no mesmo día.

Unha vez pechado o prazo marcado para a admisión de solicitudes da convocatoria de primeira ocupación do Viveiro e rematado o proceso completo de selección, no caso de que quedaran espazos vacantes, abrírase anualmente unha convocatoria continua na que os interesados poderán presentar as súas solicitudes do modo que se indica nestas bases.

O Concello resérvase o dereito de modificar o proceso de selección da cesión de espazos no Viveiro Industrial de Empresas do Concello de Bóveda no momento que considere necesario.

Os solicitantes, ademais de acreditar as circunstancias de carácter administrativo pertinentes, deberán presentar o seu proxecto empresarial. Así mesmo, nas solicitudes deberá sinalarse, por orde de preferencia, o espazo para a que se opta. En caso de non estar dispoñibles os espazos seleccionados, poñeranse a disposición do adxudicatario/a as restantes.

A data prevista de inicio de actividade non poderá superar os tres meses dende a data de notificación da adxudicación do espazo. En ningún caso tramitaranse as solicitudes nas que a data prevista de inicio supere o prazo indicado. Con carácter xeral, establécese un compromiso de ocupación e inicio da actividade no prazo de un mes, a partir da notificación da adxudicación do local, exceptuando os casos que estean pendentes de trámites que non se retrasen por causas imputables aos/as solicitantes.

No seu caso, será de aplicación o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sobre corrección e mellora da solicitude. Así mesmo, o órgano competente poderá solicitar ós/ás solicitantes cantos documentos, datos e aclaracións sexan precisos para a correcta valoración do proxecto empresarial presentado.

10.- Documentación integrante.

Os/as interesados/as presentarán unha solicitude, debidamente asinada pola persoa física ou o representante da xurídica, na que manifesten expresamente a asunción dos compromisos que, conforme ás presentes bases, implica a obtención da cesión, así como que as asumen, segundo as súas propostas e a veracidade das mesmas. Deberán especificar, baixo a súa propia responsabilidade, a súa intención de implantar unha nova actividade empresarial ou profesional ou continuar unha xa existente, dende hai non máis de seis meses.

Así mesmo, poderá presentarse nunha mesma solicitude un proxecto con máis dunha persoa física ou promotor, mais neste caso asumirán a obriga de constituír a correspondente persoa xurídica, contrato ou forma válida de explotación entre os mesmos, e aportala antes da sinatura do acordo de cesión de espazo. Nestes supostos, a solicitude deberá asinarse por todos os promotores, ou os seus representantes, especificando os seus datos persoais, e designando a un deles que actúe como representante a efectos de notificacións das resolucións que se diten, actuacións fronte o Concello de Bóveda e validez dos documentos que asine en nome de todos.

As solicitudes farase conforme ao modelo normalizado (ANEXO I).

A documentación complementaria será a seguinte, debendo incidirse especialmente polos solicitantes naqueles aspectos avaliados segundo estas bases:

a) Documentos relativos á personalidade do solicitante:

- Persoas físicas: DNI e alta no réxime especial de traballadoras autónomas da Seguridade Social
- Persoas xurídicas: NIF, escritura ou documento de constitución, os estatutos ou acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate, así como tamén a acreditación de representación.

- b) Memoria descriptiva da actividade (ANEXO II: PLAN DE EMPRESA) Resumirase o proxecto que se pretenda implantar, insistindo, segundo o sinalado, naqueles aspectos a considerar segundo estas bases. Xustificaranse os seus aspectos innovadores, no seu caso.
- c) No caso de sociedades aínda non constituídas, unha declaración de compromiso de inicio de actividade (ANEXO III).
- d) Declaración responsable de non atoparse comprendida a empresa, o empresario ou profesional ofertante en ningunha das prohibicións para contratar coa Administración. Esta declaración incluírá a manifestación de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas pola lexislación vixente, así como de non atoparse incurso en ningunha das causas de prohibición para contratar sinaladas no artigo 71 LCSP, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tales extremos deba achegarse, antes da adxudicación definitiva, pola persoa empresaria a cuxo favor se realice esta (ANEXO IV).
- e) Alta no IAE ou no rexistro censal, segundo corresponda.
- f) Certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias coa facenda estatal, autonómica, local e coa Seguridade Social.
- g) Xustificante de situación de desemprego se procede.
- h) Xustificante de situación de discapacidade ou outros aspectos de discriminación positiva.
- i) Currículo vitae
- j) Vida laboral

Todos os anexos referidos nestas bases e o modelo normalizado para as solicitudes facilitaranse a través da páxina <https://concellodebóveda.sedelectronica.e>

11.- Selección.

A selección de solicitudes, no caso de que exista concorrencia das mesmas, realizarase cumprindo os principios de fomento da igualdade de xénero e non discriminación á hora de valorar o acceso das empresas ao Viveiro Industrial de Empresas do Concello de Bóveda.

O órgano de selección estará integrado polos seguintes membros, que se designarán por resolución da Alcaldía:

- Alcalde do Concello de Bóveda, ou concelleiro en que delegue.
- Concelleiro competente en materia de emprego e/ou promoción económica, ou persoa en quen delegue.
- Un/ha Técnico/a ou Axente de Emprego e Desenvolvemento Local con coñecementos sobre a materia
- Secretario: Un/ha funcionario/a municipal.

A comisión de selección poderá solicitar a emisión dun informe motivado, sobre a viabilidade técnica e económica do proxecto, a persoa con coñecementos suficientes e adecuados na materia ou consultoría que, previa validación ou confirmación se así o considera, trasladará ao órgano competente para resolver a solicitude.

A selección dos proxectos que solicitan o acceso ao Viveiro Industrial de Empresas do Concello de Bóveda realizarase en base a toda a documentación presentada, tendo en conta os criterios de baremación de solicitudes da base Décimo Segunda destas bases.

Unha vez baremadas as solicitudes e proxectos, a comisión de selección elevará á Xunta de Goberno Local a proposta de adxudicación de cada un dos espazos.

12.- Criterios de baremación das solicitudes:

A selección de solicitudes, realizarse aplicando os seguintes criterios:

CARACTERÍSTICAS DO PROXECTO EMPRESARIAL: (máx 80 puntos)

a) Criterios empresariais (viabilidade técnica, financeira e económica do proxecto): 30 puntos.

b) Nivel de creación de emprego: 20 puntos.

A razón de ata 2 puntos por contrato a xornada completa e, no caso de que opte por contratos a tempo parcial, a puntuación será de ata 1 puntos por contrato.

Poderá utilizarse calquera xeito de contratación vixente na normativa laboral.

Para obter puntuación, as contratacións deberán realizarse por un período mínimo de tres meses, valorándose coa puntuación máxima aquelas que oferten un período de contratación igual ao tempo de duración da concesión do local ao que concorren. Para os de duración inferior, valorarase proporcionalmente á duración prevista.

A empresa queda obrigada a xustificar as mesmas mediante a presentación das nóminas e documentos de cotización correspondentes. A xustificación deberá facerse no prazo máximo de tres meses dende o inicio da actividade, sen prexuízo das comprobacións que con posterioridade poida realizar a Administración municipal. O

incumprimento do ofertado en canto a creación de emprego, dará lugar á resolución do contrato e a imposición de sanción moi grave.

c) Carácter innovador: 20 puntos.

O criterio de referencia para facer a valoración é a singularidade da actividade ou do modelo de negocio, para o cal se terá en conta a existencia de actividades similares no Concello de Bóveda. No caso de que exista algún negocio no mesmo epígrafe, pero a actividade teña un carácter diferencial ou novidoso, poderá ser puntuada esta innovación con carácter excepcional, sempre e cando se acrediten co plan de negocio ou outra documentación técnica, estas características singulares.

Este feito acreditarase mediante certificado onde se fagan constar as actividades dadas de alta no epígrafe de IAE no Concello de Bóveda.

d) Antigüidade da empresa: 10 puntos

- Menos de 3 meses: 5 puntos.
- De 4 a 6 meses: 2,50 puntos.

Tomarase como referencia para o cálculo da antigüidade da empresa a data de inicio de actividade.

CARACTERÍSTICAS SOCIAIS (máx 20 puntos)

e) Situación de desemprego das persoas promotoras ou traballadoras iniciais previa ó momento de creación da empresa: 10 puntos

Valorarase con 1 punto a situación de desemprego de cada persoa promotora ou traballadora inicial, previo ó momento de creación da empresa, xustificada con vida laboral ou certificado de períodos de inscrición emitido polo Servizo Público de Emprego.

No caso de contratación de persoas traballadoras valorarase exclusivamente os postos de traballo creados no inicio, de carácter estable ou indefinido.

f) Discriminación positiva: 10 puntos

Por cada persoa promotora /traballadora contratada pertencente a algún dos seguintes colectivos:

- Persoas menores de 30 anos, ou mulleres: 5 puntos
- Persoas traballadoras contratadas con discapacidade igual ou maior do 33%: 5 puntos.

No caso de contratación de persoas traballadoras valorarase exclusivamente os postos de traballo creados no inicio, de carácter estable ou indefinido.

No caso de concorrencia, de producirse un empate entre os proxectos valorados, atenderase á orde de chegada das solicitudes presentadas.

13.- Resolución.

O prazo para resolver as solicitudes será de dous meses dende a presentación de solicitudes, sen prexuízo da posibilidade de suspensión do prazo, de conformidade e nos supostos establecidos na lexislación de procedemento administrativo. Transcorrido o devandito prazo, os/as interesados/as poderán entender desestimadas por silencio administrativo as súas solicitudes. En todo caso, as resolucións serán notificadas aos/as interesados/as, sen prexuízo das publicacións que procedan nas convocatorias conxuntas.

A resolución e a adxudicación de locais, non substituirá de ningún xeito á solicitude e obtención, no seu caso, de todas as licenzas e autorizacións que sexan legalmente procedentes para a actividade que se vai desenvolver.

14.- Outorgamento da concesión e ocupación do espazo adxudicado

Unha vez notificado o acordo da Alcaldía-Presidencia no que se aprobe o outorgamento da concesión do espazo a un proxecto empresarial, o adxudicatario subscribirá no prazo de 15 días hábiles, un acordo de cesión de espazo co Concello de Bóveda que conterá os dereitos e obrigas de ambas as partes, e que desenvolverá o establecido neste documento.

A elección dos espazos farase segundo o orde da puntuación obtida, especificándose na documentación a achegar a preferencia segundo as necesidades e segundo a actividade a realizar.

No suposto de renuncia ou desistencia dalgún seleccionado requirirase ao seguinte na orde de puntuación obtida.

O prazo máximo para a sinatura do acordo de cesión será 15 días hábiles. A falta de formalización do acordo de cesión de espazo fará que o seleccionado decaia no seu dereito a favor da seguinte proposta ou solicitude favorable. Este prazo poderá ser prorrogado de xustificarse adecuadamente a insuficiencia do mesmo para o cumprimento dos deberes que se sinalan no apartado seguinte.

Antes da formalización do acordo de cesión de espazo, os seleccionados deberán achegar:

1. A garantía por importe equivalente a dúas mensualidades do prezo establecido polo espazo concedido que as persoas cesionarias deberán depositar na Tesourería do Concello de Bóveda.

A cota pola cesión de espazos e prestación de servizos comezará a devengarse a partires do día seguinte á sinatura do acordo de cesión de espazo.

A ocupación do espazo realizarase no prazo máximo dun mes dende a sinatura do acordo.

15.- Duración do acordo de cesión do espazo.

As empresas poderán estar acollidas no Viveiro Industrial de Bóveda por un periodo máximo de 48 meses.

A duración da cesión será de 12 meses prorrogables por outros 12 meses, contados a partir da data da súa formalización con un máximo de 48 meses. A concesión da prórroga deberá ser feita de forma expresa, previa solicitude motivada das persoas adxudicatarias. Esta solicitude de prórroga deberase presentar no Rexistro Xeral do Concello de Bóveda, no prazo mínimo de 2 meses antes de que remate o contrato de adxudicación inicial.

Transcorrido o prazo, a empresa deberá abandonar o espazo cedido polo Concello deixándoo libre e expedito, sen necesidade de requirimento especial e sen dereito indemnizatorio algún ó seu favor. No caso de que non o faga, o Concello poderá levar a cabo cantas actuacións sexan precisas para proceder ó desaloxo, así como a execución das penalidades establecidas na cláusula 28 destas bases.

O Concello resérvase a facultade, mediante resolución, de deixar sen efecto a autorización para o uso dos espazos do viveiro antes do vencemento do prazo, se así o xustificaran circunstancias sobrevidas de interese público, mediante resarcimento dos danos que se causaran, ou sen el, cando non procedese.

16.- Causas de resolución do contrato.

Serán causas de resolución da adxudicación as seguintes:

- a) A quebra, concurso de acredores, suspensión de pagos ou quita e espera do empresario.
- b) A extinción da personalidade da sociedade ou falecemento do empresario individual.
- c) A falta de pagamento do prezo correspondente á devolución dos recibos domiciliados.
- d) O cesamento por parte da empresa da actividade durante máis de tres meses consecutivos.
- e) O incumprimento por parte do empresario autorizado para o uso dos locais, de calquera das obrigas derivadas das presentes normas e das que se poidan establecer no futuro
- f) A renuncia por parte do empresario
- g) A non comunicación dos seguintes cambios: administrador, órganos de administración, estatutos, domicilio social da actividade, obxecto social, I.A.E.
- h) De mutuo acordo, previa comprobación do cumprimento polo empresario das súas obrigas contractuais.

No caso de resolución do contrato polas causas sinaladas nos apartados, c/d/e/g procederase a incautación da garantía.

TÍTULO III.- OBRIGAS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS

17.- Dereitos dos/as cesionarios/as.

- Á utilización do espazo cedido durante o tempo fixado nestas bases.
- A recibir os servizos prestados con carácter xeral por parte do Concello de Bóveda.
- A adecuar o espazo segundo as súas necesidades pola súa conta, por medio de aparatos ou instalacións complementarias, previa autorización expresa do Concello de Bóveda, sempre que non menoscaben o lugar onde se vai realizar nin sexa contrario os fins públicos do viveiro ou causen danos ou molestias ó resto de persoas usuarias do Viveiro Industrial de Empresas.

18.- Obrigas dos/as beneficiarios/as.

Deberán prestar garantía en metálico por importe equivalente a dúas mensualidades do prezo establecido polo uso dos respectivos espazos. A devolución da garantía realizarse no prazo máximo de 6 meses, dende que finalice a utilización do espazo.

Os espazos destinaranse única e exclusivamente ao proxecto empresarial para o que foron adxudicados, non podendo realizarse obras sen autorización do Concello.

Serán obrigas do/a adxudicatario/a, polo menos as seguintes:

- Iniciar a actividade no prazo máximo de 3 meses, desde a data de outorgamento deste contrato, previa obtención das licenzas e autorizacións necesarias para o seu exercicio.

- Aboar as cotas establecidas polo usos dos respectivos espazos e a prestación de servizos.
- Satisfacer exclusivamente pola súa conta as cargas, impostos e gravames que pesen sobre a actividade que se desenvolve no local. En ningún caso o Concello será responsable do impago das mesmas.
- Satisfacer as cotas obrigatorias á Seguridade Social das persoas empregadas no local e na actividade que alí se desenvolva. En ningún caso o Concello será responsable do impago das mesmas.
- Pagar pola súa conta os gastos derivados de usos, consumos e subministracións propias distintos de calefacción, auga, luz, internet e limpeza de espazos comúns, que son asumidos polo Concello de Bóveda. En ningún caso o Concello será responsable do impago das mesmas.
- Por a disposición do Concello canta documentación contable e administrativa lle sexa requirida, en especial o Balance e Conta de explotación anual, Imposto de Sociedades ou no seu caso, Imposto sobre a renda das persoas físicas, para os efectos de poder comprobar o nivel de consolidación que vaia adquirindo a empresa a detectar posibles fallos de xestión que poidan impedir a marcha da empresa no viveiro, unha vez concluído o período acordado.
- Consentir as visitas de inspección que ordene o Concello en calquera momento e no lugar obxecto do contrato, coa finalidade de comprobar o uso que se faga desde e o seu estado de conservación.
- Devolver o local ao Concello á finalización ou resolución contractual (pola causa que fora) nas mesmas condicións de uso que o recibiu, salvado o uso normal e dilixente e o menoscabo por este producido. Será responsable o/a empresario/a do uso negligente dos servizos obxecto do presente contrato. Todas as melloras realizadas polo empresario no local, fose pola causa que fora, quedarán a beneficio do local sen dereito a indemnización a favor do empresario.
- Instalar e manter cos seus medios técnicos e económicos cantos equipamentos especiais sexan precisos para evitar evacuacións nocivas, tanto sólidas, líquidas como gaseosas, que puidesen producir pola súa actividade. En todo caso, a actividade que se desenvolve estará sometida á lexislación sectorial, especialmente urbanística e ambiental de carácter estatal e autonómico.
- Subscribir unha póliza de responsabilidade civil e danos ao edificio e as instalacións, que deberá ter vixencia durante o período contractual. Se a contía dos danos excede da cobertura do seguro, tal exceso sería de enteira responsabilidade do/a empresario/a. Anualmente, o empresario estará obrigado a presentar ante o Concello a copia da póliza de seguro expresada no parágrafo anterior, así como a copia do pago do recibo desta.
- Comunicar ao Concello calquera variación de forma xurídica, delegación de poderes, cambios substantivos dos paquetes de acción, ampliacións ou variacións do obxecto da sociedade, etc.

TÍTULO IV.- NORMAS DE RÉXIME INTERNO DO VIVEIRO

19.- Identificación.

Calquera persoa que acceda ou permaneza no viveiro estará obrigada a identificarse e xustificar a súa presenza nel, cando sexa requirida para elo.

Os usuarios/beneficiarios están obrigados a comunicar ao Concello a persoa ou persoas que forman parte de cada empresa.

Por razón de seguridade e para a súa utilización no caso de emerxencia, os adxudicatarios poderán depositar unha copia das chaves de acceso, nas oficinas do concello.

20.- Localización carteis identificativos.

O Concello supervisará a localización dos carteis que identifiquen ás empresas do viveiro, de forma que estes se integren no deseño da edificación, sen menoscabo dos acabados da mesma. A colocación de rótulos distintos dos que sexan aprobados, ou calquera outra referencia aos diferentes locais do viveiro non estará permitida nas fachadas, muros exteriores do edificio, nin nas zonas comúns.

21.- Zonas comúns.

Serán de competencia do/as beneficiario/as a limpeza dos espazos adxudicados.

Os das zonas comúns será responsabilidade do Concello de Bóveda.

22.- Notificación de deficiencias.

É obriga de calquera empresario/a ou usuario/a do viveiro de empresas comunicar ao Concello calquera avaría ou deficiencia que se produza nas instalacións de uso común do recinto do viveiro.

23.- Responsabilidade de uso da instalación.

O Concello non se fai responsable dos danos, perdas ou atentados contra a propiedade (incluído roubos) que puidesen cometer persoas estrañas ao Concello contra os útiles, bens ou efectos das empresas.

O Concello non será nunca responsable das perdas que puidesen sobrevir dun mal estado de conservación, ou mala utilización das instalacións de cada local, con excepción das instalacións xerais e básicas do edificio.

24.- Residuos.

Residuos sólidos: toda empresa radicada no viveiro está obrigada a clasificar os seus residuos e a depositalos separadamente nos colectores destinados para iso, así como satisfacer o recibo correspondente pola recollida de lixo.

Residuos especiais: O/a adxudicatario/a dun local obrígase a concertar un contrato de evacuación de residuos especiais, non domésticos, no caso de que os houbera (tóner, cartuchos, pilas, etc).

25.- Almacenaxe.

Por motivos de seguridade prohibéselles aos ocupantes das empresas instaladas depositar ou colocar xéneros e mercadorías en lugares e zonas común, invadindo total ou parcialmente accesos ou zonas de paso, tendo que estar estas sempre libres para o bo funcionamento do viveiro.

26.- Prohibicións e limitacións.

As seguintes actividades e usos están expresamente prohibidos para os/as adxudicatarios/as do viveiro:

- O uso de calquera material non permitido polas normas de seguridade e hixiene
- O uso de todo ou parte de calquera espazo do viveiro como vivenda ou calquera outro uso non permitido.
- A práctica en calquera parte do viveiro, de calquera profesión, comercio ou actividade non previstos no contrato de prestación de servizos ou autorizados previamente ou contrarios á moral, a orde pública ou os bos costumes e á organización de calquera tipo de manifestacións políticas, sindicais e/ou relixiosas.
- De forma xeral os cesionarios dos espazos non deben en forma ningunha perturbar o ambiente do viveiro, mediante ruídos, vibracións, cheiros, temperaturas ou calquera outra causa que poida afectar ou producir molestias aos restantes ocupantes.

TÍTULO V.- RÉXIME SANCIONADOR**27.- infraccións.**

As acción ou omisións contrarias ao contido na presente disposicións, terán o carácter de infraccións administrativas e serán sancionadas nos casos, forma e medida que se determinan, a non ser que poidan constituír delitos ou faltas tipificadas ante leis penais. De darse o caso, o órgano competente municipal pasará o tanto de culpa á orde xurisdiccional competente, absténdose de seguir procedemento sancionador, mentres a autoridade xudicial non dite sentenza firme.

As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.

1. Terán a consideración de infraccións leves, aquelas que, pese ao incumprimento das cláusulas contractuais, non supoñan un prexuízo de gran entidade, tipificándose como tales as seguintes:
 - As que impliquen negligencia na prestación do servizo e non supoñan unha alteración grave para o seu funcionamento.
 - A omisión do deber de comunicar as incidencias ou anomalías, non imputables á persoa contratista e que sexan detectadas.
2. Considéranse infraccións graves:
 - A reiteración na comisión de tres faltas leves.
 - A desobediencia ás ordes da persoa responsable para a vixilancia do contrato.
 - As accións ou omisións que alteren a regularidade na prestación do servizo.
 - A carencia de elementos necesarios para a prestación do servizo.
 - O trato irrespectuoso ao público, persoal municipal ou axentes da autoridade, así como calquera outra acción persoal que supoña un desprestixio do servizo.
 - Non acudir ás convocatorias e xuntanzas de seguimento do contrato.
3. Terán a consideración de moi graves: son todas aquelas que supoñan un incumprimento das condicións do contrato ou unha deficiente xestión do servizo, ademais das seguintes:
 - Obstaculizar a inspección ou fiscalización do persoal municipal.
 - Incumprir as normas laborais ou convenio colectivo do persoal a empregar.
 - Ceder o contrato sen a debida autorización municipal.
 - Incumprir obrigas salariais ou de seguridade social respecto ás persoas traballadoras a empregar.
 - Negarse a abandonar as instalacións despois da data de expiración do contrato.

- Reiterar a comisión de dúas infraccións graves.
- A falsificación de documentación, sinaturas, selos, datos relevantes para a súa incorporación ao viveiro ou na súa relación posterior.
- O incumprimento das obrigacións económicas co Concello de Bóveda durante dous meses consecutivos ou tres alternos.

28.- Sancións.

1. As infraccións leves sancionaranse con multa de 60,00 ata 300,00 €.
2. As infraccións graves sancionaranse con multa de 300,01 € ata 1.500,00 €.
3. As infraccións moi graves sancionaranse con multa de 1.500,01 a 3.000,00 € ou incluso a revogación da cesión.

As faltas previstas neste prego que teñan a consideración de incumprimentos contractuais, e as sancións que se contemplan de penalidades por tales incumprimentos non precisarán da tramitación dun expediente sancionador, sen prexuízo da oportuna audiencia á persoa contratista.

A imposición das restantes sancións esixirá a tramitación de previo expediente, que deberá de acomodarse ao disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Os expedientes instruíranse por persoal do Concello, resolvéndose pola Alcaldía do Concello.

Disposición final.- Para as discrepancias que puideran xurdir na interpretación do presente regulamento, o Pleno do Concello, órgano competente para a súa aprobación, será tamén o competente para a resolución das mesmas.

ANEXO I

PROCEDEMENTO: PROGRAMA VIVEIRO INDUSTRIAL DE EMPRESAS	NOME DO PROXECTO	DOCUMENTO: SOLICITUDE
---	------------------	---------------------------------

DATOS

NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL:		NIF
ENDEREZO:		CÓDIGO POSTAL:
LOCALIDADE/PROVINCIA	CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONO

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME E APELIDOS	NIF
EN CALIDADE DE:	

Enderezo electrónico a efectos de notificacións

Autorizo a notificación utilizando a sede electrónica do Concello de Bóveda no correo electrónico

IDENTIFICACIÓN DA INICIATIVA EMPRESARIAL

(Estes datos deben coincidir cos do plan de negocio segundo anexo)

DENOMINACIÓN OU RAZÓN SOCIAL		
NOME COMERCIAL	FORMA XURÍDICA	ACTIVIDADE ECONÓMICA
DATA INICIO ACTIVIDADE EMPRESARIAL	NÚM. SOCIOS	NÚM. TRABALLADORES

RELACIÓN DE TODAS AS PERSOAS PROMOTORAS, FORMACIÓN E GRAO DE PARTICIPACIÓN

NOME E APELIDOS	NIF	FORMACIÓN	% CAPITAL OU PARTICIPACIÓN

ESPAZO POLO QUE OPTA:

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- ☐ DNI e alta no réxime especial de traballadores autónomos da Seguridade Social
- ☐ NIF escritura ou documento de constitución, os estatutos ou acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate, así como tamén a acreditación de representación.
- ☐ ANEXO II: PLAN DE EMPRESARIAL
- ☐ ANEXO III
- ☐ ANEXO IV
- ☐ Alta no IAE ou no rexistro censal, segundo corresponda.
- ☐ Certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias coa facenda estatal, autonómica, local e coa Seguridade Social.
- ☐ Xustificante de situación de desemprego se procede.
- ☐ Xustificante de situación de discapacidade ou outros aspectos de discriminación positiva.
- ☐ Currículo vitae
- ☐ Vida laboral

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE**LUGAR E DATA**

ANEXO II

PROCEDEMENTO: PROGRAMA VIVEIRO INDUSTRIAL DE EMPRESAS	NOME DO PROXECTO	DOCUMENTO: PLAN DE NEGOCIO
---	------------------	--------------------------------------

DATOS

NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL:		NIF
ENDEREZO:		CÓDIGO POSTAL:
LOCALIDADE/PROVINCIA	CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONO

II. IDENTIFICACIÓN DO PROXECTO**1. CARACTERÍSTICAS XERAIS DO PROXECTO****1.1. DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE**

NOME:
SECTOR DA ACTIVIDADE:
DATA DE CONSTITUCIÓN LEGAL:
FORMA XURÍDICA:
DATA INICIO ACTIVIDADE:

Actividade a desenvolver (produto ou servizo a ofrecer, e necesidades que pretende cubrir)

Nº de traballadores previstos

1.2. PROXECTO EMPRESARIAL

Presentación e descrición do proxecto empresarial. Características máis significativas, experiencia, formación, cualidades, aptitudes, etc...

1.3. ASPECTOS INNOVADORES OU DIFERENCIADORES

Indique brevemente que novidades cree Vd. que aporta o seu proxecto empresarial en calquera campo: comercial, financeiro, etc... susceptibles de ser valoradas positivamente polos clientes

2. ANÁLISE DO MERCADO

2.1. ANÁLISE DA DEMANDA (CLIENTES): Describa brevemente as características máis destacadas do cliente potencial do seu produto ou servizo, facendo referencia a aspectos tales como idade, nivel de ingresos (alto, medio, baixo), nivel cultural, localización xeográfica, etc. e comente se o cliente descrito corresponde ó que reside no contorno do seu negocio.

2.2. CARACTERIZACIÓN DA COMPETENCIA: Sinalar brevemente os competidores que terá a empresa, as súas características e a estratexia que estes utilizan.

2.3. ANÁLISE DOS PROVEDORES: Sinalar os provedores previstos dos seus bens ou servizos, e as súas características.

2.4. ANÁLISE DAS FORTALEZAS: Sinalar as fortalezas da empresa e/ou idea de negocio respecto da competencia, e como as aproveitará.

2.5. ANÁLISE DAS DEBILIDADES: Sinalar as debilidades da empresa e/ou idea de negocio respecto da competencia, e como solucionarlas ou minimizalas.

3. PLAN DE INVESTIMENTO E O SEU FINANCIAMENTO**3.1. PLAN DE INVESTIMENTOS**

INVESTIMENTO	IMPORTE
Fianzas por arrendamentos de edificios ou locais	
Compra de edificios ou locais	
Traspaso de negocio	
Acondicionamento do local	
Instalacións	
Maquinaria	
Mobiliario	
Ferramentas	
Elementos de transporte	
Equipos para proceso de información	
Leasing (arrendamento financeiro con opción de compra)	
Gastos de constitución e posta en marcha (escritura pública, avogados, IAE, gastos de lanzamento, gastos de xestión, etc)	
Existencias iniciais (primeiras compras de produtos)	
Publicidade e promoción	
Taxas e impostos	
Persoal	
Outros _____	
Outros gastos _____	
TOTAL DE INVESTIMENTO (IVE non incluído)	

3.2. FINANCIAMENTO

RECURSOS FINANCEIROS	IMPORTE
Financiamento propio	
Préstamos ou créditos concedidos	
Outras fontes de financiamento	
TOTAL FINANCIAMENTO	

Nota: a suma do total do investimento e do financiamento deben coincidir.

4. PREVISIÓN DE RESULTADOS		
INGRESOS	ANO I	ANO II
Vendas		
Prestación de servizos		
Outros ingresos (rapells, descontos por pagamento, etc.)		
TOTAL INGRESOS		

GASTOS	ANO I	ANO II

BENEFICIOS OU PERDAS	IMPORTE
(Ingresos-gastos)	
ANO 1	
ANO 2	

5. OBSERVACIÓNS / OUTROS DATOS

En a de de 20.....

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

ANEXO III

COMPROMISO DE CONSTITUCIÓN DE EMPRESA/ALTA NA ACTIVIDADE

PROCEDEMENTO: PROGRAMA VIVEIRO INDUSTRIAL DE EMPRESAS	NOME DO PROXECTO
---	------------------

DATOS

NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL:		NIF
ENDEREZO:		CÓDIGO POSTAL:
LOCALIDADE/PROVINCIA	CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONO

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME E APELIDOS	NIF
EN CALIDADE DE:	

DECLARO O COMPROMISO de constituír a empresa ou iniciar a actividade, no prazo de seis dende a notificación da Resolución sobre a autorización e cesión de uso do espazo, (Resolución de acollemento,segundo o disposto na cláusula quinta).

En a de de 20.....

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

ANEXO IV**DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSA EN NINGUNHA DAS PROHIBICIÓNS PARA CONTRATAR ESTABLECIDAS NO ARTIGO 71 DA LCSP****DATOS**

NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL:		NIF
ENDEREZO:		CÓDIGO POSTAL:
LOCALIDADE/PROVINCIA	CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONO

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME E APELIDOS	NIF
EN CALIDADE DE:	

(Administrador/a, Apoderado/a, Representante Legal, ou o que proceda), ante a Comisión de Selección constituída para a resolución do expediente relativo á adxudicación de dependencias no Viveiro Industrial de Empresas do Concello de Bóveda.

DECLARO RESPONSABLEMENTE

Que nin a persoa asinante da declaración, nin a persoa xurídica á que represento, nin ningún dos seus administradores/as ou representantes, se atopan incursas en ningunha das prohibicións para contratar definidas no artigo 71 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, non concorrendo, en consecuencia, circunstancia algunha das descritas na indicada referencia legal.

Así mesmo, e de forma expresa faise constar que a persoa xurídica á que represento se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

E para que conste ós efectos oportunos, expídese e asínase a seguinte declaración en

....., a de de 20

(SINATURA)

R. 0729

CASTROVERDE*Anuncio***APROBACIÓN INICIAL DA DESAFECTACIÓN DUN TRAMO DO CAMIÑO PÚBLICO DE REFERENCIA CATASTRAL 27011A122090370000TI EN FAXILDE – A PUMAREGA (CASTROVERDE)**

Aprobada inicialmente a desafectación do ben de dominio público, tramo do camiño público con ref. cat. nº **27011A122090370000TI** comprendido entre os puntos con coordenadas UTM HUSO29 ETRS89 cunha superficie de 72 m², para proceder a cambiar a cualificación xurídica do mesmo de ben de dominio público a ben patrimonial, por acordo do Pleno Municipal do Concello de Castroverde de data 29 DE XANEIRO DE 2026, de conformidade co artigo 8 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das entidades Locais, se somete a información pública por un prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Castroverde, 6 de febreiro de 2026.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 0748

FOLGOSO DO COUREL*Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno deste Concello en **sesión ordinaria celebrada o 13 de marzo de 2026** o Orzamento Xeral do Concello de Folgoso do Courel para o ano 2026, bases de execución, cadro de persoal e demais documentación que obra no expediente, con arranxo ó disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, e no artigo 20 do Real Decreto 500/1990, exponse ao público polo prazo de 15 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, dentro do cal os interesados poderán presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. O orzamento considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións. No caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

Folgoso do Courel, 20 de marzo de 2026.- A alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 0749

LUGO*Anuncio*

A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de febreiro de 2026 adoptou o acordo 9/69 NOMEAMENTO DE DOUS FUNCIONARIOS/AS DE CARREIRA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO PARA DESEMPEÑAR AS PRAZAS DE CELADOR/A CEIP (GRUPO AP (AGRUPACIÓNS PROFESIONAIS); ESCALA: ADMINISTRACIÓN ESPECIAL; SUBESCALA: SERVIZOS ESPECIAIS) sendo a parte dispositiva do mencionado acordo do seguinte teor literal:

“PRIMEIRO.- Nomear a **dona ANA BELÉN LÓPEZ MELLA**, DNI ***3201**, e **don JOSÉ LUIS GIL SAÁ**, DNI ***4411**, como funcionarios de carreira para desempeñar as prazas de celador/a CEIP do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo (GRUPO AP (agrupacións profesionais); ESCALA: ADMINISTRACIÓN ESPECIAL; SUBESCALA: SERVIZOS ESPECIAIS).

SEGUNDO.- Notificarlles o acordado aos/ás interesados/as, coa advertencia que deberá tomar posesión no prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento.

No caso de que os/as aspirantes non tomasen posesión no período sinalado, salvo causa de forza maior, perderán todos os dereitos derivados de participación no procedemento selectivo e do nomeamento outorgado á súa persoa.

TERCEIRO.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que este acto pon fin á vía administrativa e que contra este se poden interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación deste acordo.

- Recurso contencioso-administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación deste acordo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), segundo a redacción dada pola disposición

adicional décimo cuarta da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.”

Lugo, 3 de marzo de 2026.- A tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión integral de Recursos Internos, Ilma. Sra. dona Ana Mª González Abelleira.

R. 0730

Anuncio

O Excmo. Concello Pleno, en sesión que tivo lugar o o día 26-02-2026, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar o cambio de uso de equipamento comunitario, previsto no vixente Plan xeral de ordenación municipal de Lugo para a parcela con referencia catastral 7839043PH1673N0001BF, lindante coa avenida Infanta Elena Duquesa de Lugo, polo uso de viario e aparcamento, mantendo a titularidade pública dos terreos.

Segundo.- Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Diario Oficial de Galicia e instar a súa inscrición no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia.”

Lugo, 18 de marzo de 2026.- O Alcalde, P.D. O tenente de alcalde delegado da Área de Urbanismo e Deportes e Xuventude, (Decreto número 10280/2025), Jorge Bustos Atanasio.

R. 0731

RÁBADE

Anuncio

O Pleno do Concello na sesión ordinaria celebrada o 18 de marzo de 2026 prestou aprobación inicial á ordenanza reguladora das prestacións económicas de carácter asistencial para persoas en risco de exclusión social do Concello de Rábade. O que se somete ao trámite de información pública, durante o prazo de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Tamén se publicará na Sede Electrónica do Concello e no Taboleiro de Anuncios da Entidade. No devandito prazo as persoas interesadas poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, que deberán dirixirse a Sra. Alcaldesa-Presidenta. No caso de non presentarse reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Rábade, 18 de marzo de 2026.- A alcaldesa-presidenta, Remedios González Cabarcos.

R. 0733

Anuncio

En cumprimento do disposto no artigo 169 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, texto refundido da Lei de Facendas Locais, expónse ó público que o Pleno do Concello, en sesión de 18-03-2026 aprobou inicialmente o presuposto municipal, as bases de execución e o cadro de persoal para o exercicio 2026; por prazo de 15 días os interesados poderán presentar reclamacións ante o Pleno; se durante dito prazo non se presentara ningunha, considerarase definitivamente aprobado.

Rábade, 18 de marzo de 2026.- A alcaldesa-presidenta, Remedios González Cabarcos.

R. 0734

XERMADE

Anuncio

PUBLICACIÓN PADRÓN SAF MES FEBREIRO DE 2026.

Pola Xunta de Goberno Local do 18/03/2026 aprobouse o padrón correspondente o mes de FEBREIRO DE 2026, da taxa da prestación do servizo de axuda a domicilio.

Dito Padrón queda exposto ó público nas oficinas económicas municipais durante o prazo de quince días hábiles, a contar dende o día seguinte ó da publicación do presente anuncio no BOP. Dito anuncio ten carácter de notificación colectiva ó abeiro do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Lei Xeral Tributaria, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA).

A data de cargo dos recibos domiciliados será a 03/04/2026.

Xermade, 18 de marzo de 2026.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 0736

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) - DEPUTACIÓN

Anuncio

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN SESIÓN CELEBRADA O VINTE DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E SEIS POLO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA, AS BASES DA CONVOCATORIA, O GASTO, E OS ANEXOS DOS PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS PARA O ANO 2026.

BDNS (Identif.): 894431

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/894431>)

De conformidade co previsto nos artigos 17.3b e 20.8ª da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións

<http://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/ge/es/index>

Primeiro.- Beneficiarios:

Poderán ser beneficiarias dos premios da presente convocatoria as persoas físicas que sexan deportistas federados/as, de calquera categoría, e exclusivamente de modalidades deportivas individuais (excluíndose, por tanto os/as practicantes de disciplinas e modalidades de deportes de equipo, dobres, parellas, seleccións ou grupo, coordinadas ou sincronizadas, e nas que actúen simultaneamente máis dun/dunha integrante do mesmo equipo) de nacionalidade española ou residentes legais en España, que cumpran cos requisitos establecidos.

Segundo. Obxecto:

Constitúe o obxecto das bases desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, anualidade 2026 de modalidades deportivas de carácter individual, excluíndose, por tanto, os/as practicantes de disciplinas e modalidades de deportes de equipo, dobres, parellas, seleccións ou grupo; coordinadas ou sincronizadas, e nas que actúen simultaneamente máis dun/dunha integrante do mesmo equipo.

Quedan así mesmo expresamente excluídos desta convocatoria os/as deportistas individuais da disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña, vehículos históricos e enerxías alternativas na anualidade 2026.

Terceiro. Bases reguladoras

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección, <http://www.deputacionlugo.gal/gl/a-deputacion/normativas-e-ordenanzas>

<http://www.deputacionlugo.gal/gl/a-deputacion/normativas-e-ordenanzas>

PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO PARA O ANO 2026

<https://www.deputacionlugo.gal/temas/deportes/home>

Cuarto. Contía e importe mínimo e máximo

A dotación orzamentaria total da presente convocatoria é de 150.000,00 €.

Os premios terán un importe máximo de 2.500,00 € e un importe mínimo de 300,00 € cada un deles.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

Prazo para a presentación de solicitudes: 10 días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación no BOP de Lugo do extracto da convocatoria.

Lugo, 20 de marzo de 2026.- A PRESIDENTA, P.D. Decreto de data 14-01-2026 O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón.

R. 0744